

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**2209** *Real decreto 114/2013, do 15 de febreiro, polo que se crea e se regula o Rexistro nacional de infraccións graves á política pesqueira común, se establecen as normas de aplicación do sistema de puntos e se actualizan os importes das sancións previstas na Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.*

O Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, sobre a conservación e a explotación sustentable dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común, establece como obxectivo da política pesqueira común garantir unha explotación dos recursos acuáticos vivos que facilite unhas condicións económicas, ambientais e sociais sustentables.

A pesca ilegal, non declarada, ou non regulamentada (INDNR ou IUU, nas súas siglas en inglés) converteuse nunha das maiores ameazas á explotación sustentable dos recursos acuáticos vivos e para a biodiversidade mariña, e contravén tanto os principios que rexen a política pesqueira común coma os esforzos internacionais por lograr un mellor goberno dos mares, de acordo co principio fixado na Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar, feita en Bahía de Montego o día 10 de decembro de 1982, da cal o Reino de España é parte.

Así, tanto a lexislación comunitaria como a nacional desenvolveron unha serie de instrumentos para levar a cabo ese obxectivo, entre os cales se inclúe o establecemento dun réxime de infraccións e sancións encamiñado, desde a perspectiva punitiva e preventiva, a garantir os sistemas de xestión das pesqueiras.

O Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común, describe no seu artigo 90 unha serie de infraccións graves e indica que, ademais delas, se considerarán tamén infraccións graves, para efectos do citado regulamento, as recollidas no artigo 42 do Regulamento (CE) n.º 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008, polo que se establece un sistema comunitario para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, que determinará a autoridade competente do Estado membro dependendo da súa gravidade.

A necesidade dun sistema unitario de puntos asignados ás condutas tipificadas como infraccións graves faise patente ante o feito de que a normativa comunitaria impón aos Estados membros velar polo seu cumprimento nas súas augas xurisdicionais, tanto dos seus buques coma dos doutros Estados membros e países terceiros. Por iso, cómpre definir un marco unitario de infraccións e puntos dirixido a asegurar de maneira homoxénea e en condicións de igualdade o interese xeral e establecer as imprescindibles garantías de certeza xurídica que permitan ás comunidades autónomas o exercicio da súa potestade sancionadora no seu ámbito competencial.

A determinación desta gravidade faise en virtude dos criterios establecidos no artigo 90 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009, do 20 de novembro de 2009, que son substancialmente os mesmos que recolle o noso ordenamento xurídico en materia de réxime sancionador. Esta correlación garante a adecuación entre a gravidade dos feitos constitutivos de infracción e a sanción aplicada, en virtude do principio de proporcionalidade, consagrado no artigo 131 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e que é un principio de carácter básico aplicable a todas as administracións públicas.

O Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, establece no seu artigo 92 que os Estados membros aplicarán un sistema de puntos polas infraccións graves a que se refire o artigo 42.1.a), do Regulamento (CE) n.º 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008. De acordo con este sistema de puntos, imporase ao titular dunha licenza de pesca un número de puntos como consecuencia da comisión de infraccións das normas da política pesqueira común. A acumulación dun determinado número de puntos por parte do titular dunha licenza de pesca dará lugar automaticamente á súa suspensión durante os períodos correspondentes previstos no artigo 92.3 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, e poderá chegar mesmo á súa retirada permanente.

Esta regulación comunitaria desenvólvese no Regulamento (UE) n.º 404/2011 da Comisión, do 8 de abril de 2011, polo que se establecen as normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 1224 /2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009.

Ademais, o artigo 92.6 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, dispón que os Estados membros establecerán un sistema de puntos consonte o cal se asigne un número adecuado de puntos ao capitán ou patrón dun buque que cometa unha infracción grave das normas da política pesqueira común, mecanismo que se prevé no artigo 8 da norma.

Mediante este real decreto dáse cumprimento ao disposto no artigo citado en relación co artigo 134 do Regulamento (UE) n.º 404/2011, do 8 de abril de 2011. Esta asignación de puntos poderá supor a inhabilitación para o exercicio da profesión nos supostos e polos períodos recollidos no presente real decreto.

O artigo 93 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009, do 20 de novembro de 2009, sinala que os Estados membros anotarán nun rexistro nacional todas as infraccións das normas da política pesqueira común cometidas por buques que enarboren o seu pavillón ou polos seus nacionais, indicando as sancións impostas e o número de puntos asignados.

As sancións comunitarias teñen carácter accesorio, xa que non son autónomas, senón que só se poden impor nos casos en que o Estado sancionase unha conduta tipificada como infracción no seu ordenamento interno.

Así mesmo, establece que os Estados membros deberán anotar neste rexistro as infraccións cometidas por buques pesqueiros que enarboren o seu pavillón ou polos seus nacionais que sexan obxecto de dilixencias noutros Estados membros, logo de notificación da resolución definitiva adoptada polo Estado membro competente.

O rexistro regulado neste real decreto incluírá, por tanto, todas as infraccións ás normas da política pesqueira común que se consideren graves e estean definidas no Regulamento (CE) 1224/2009, do 20 de novembro de 2009, e no anexo XXX do Regulamento 404/2011, do 8 de abril de 2011, xa se cometan en augas exteriores ou en augas interiores.

A regulación do rexistro terá importantes consecuencias na mellora da coordinación entre os Estados membros na loita contra as infraccións en materia de pesca, singularmente naqueles casos en que constitúan pesca INDNR.

O presente real decreto regula, ademais, o procedemento polo que a Secretaría Xeral de Pesca deberá remitir a información requirida por outro Estado membro ou pola Comisión Europea sobre a existencia de infraccións e sancións anotadas no rexistro referente a buques que enarboren o seu pavillón ou aos seus nacionais, facilitando así a coordinación na política de protección pesqueira a escala comunitaria.

Finalmente, procédese á actualización dos importes das sancións pecuniarias previstas no artigo 102 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, de acordo coa habilitación concedida ao Goberno na disposición derradeira primeira de tal norma. Cómpre adecuar os importes previstos na norma, inalterados durante máis dunha década, evitando que a súa contía actual supoña unha mingua da efectividade preventiva e punitiva das normas represivas das condutas ilegais en materia pesqueira, así como axustar a normativa nacional á normativa comunitaria, que exige que as sancións sexan suficientemente disuasorias.

A Axencia Española de Protección de Datos emitiu informe sobre a presente disposición, de acordo co artigo 37.h) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de febreiro de 2013,

DISPOÑO:

## Artigo 1. *Obxecto.*

1. O presente real decreto ten por obxecto:

a) Crear e regular o Rexistro nacional de infraccións graves á política pesqueira común, en cumprimento do artigo 93 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común.

b) Establecer as normas de desenvolvemento necesarias para a aplicación do sistema de puntos para infraccións graves regulado no artigo 92 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009, do 20 de novembro de 2009, e desenvolvido nos artigos 125 a 134 do Regulamento (UE) n.º 404/2011, polo que se establecen as normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009.

c) Actualizar os importes das sancións pecuniarias previstas no artigo 102 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

## Artigo 2. *Rexistro nacional de infraccións graves á política pesqueira común. Natureza xurídica, ámbito de aplicación e contido.*

1. Créase o Rexistro nacional de infraccións graves á política pesqueira común en materia de pesca marítima, pesca en augas interiores e marisqueo como rexistro administrativo oficial de carácter público.

2. O rexistro quedará adscrito á Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, á cal se encomenda a súa xestión, conservación e mantemento.

3. Neste rexistro anotaranse, de acordo co disposto no artigo 93 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, e logo de notificación da resolución sancionadora definitiva adoptada pola autoridade competente:

a) As infraccións que cometan tanto en augas exteriores como en augas interiores buques que enarboren pavillón español ou nacionais, e indicaranse, ademais, as sancións impostas e o número de puntos asignados dentro do programa de puntos establecido no anexo XXX do Regulamento (UE) n.º 404/2011 da Comisión, do 8 de abril de 2011.

b) As infraccións cometidas por buques pesqueiros que enarboren pavillón español ou por nacionais que sexan obxecto de dilixencias noutros Estados membros.

4. O rexistro conterá os aspectos que se detallan no anexo deste real decreto.

5. O rexistro levarase en soporte informático de forma que permita o seu acceso por parte das administracións competentes na materia.

6. O rexistro coordinarase mediante a oportuna conexión electrónica coas bases de datos existentes no departamento e na Dirección Xeral da Mariña Mercante e no Instituto Social da Mariña, para os efectos oportunos.

7. Nos supostos en que a resolución sancionadora comporte unha sanción de imposibilidade de recibir axuda ou subvención, incorporarase unha referencia expresa na anotación a aqueles suxeitos ou buques que non poidan recibir préstamo, axuda, subvención ou calquera outra medida de fomento, de calquera Administración pública,

internacional, comunitaria, nacional, autonómica ou local, e calquera entidade vinculada ou dependente destas, ou financiada con fondos públicos, directa ou indirectamente, en aplicación do disposto no artigo 40 do Regulamento (CE) n.º 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008, polo que se establece un sistema comunitario para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, se modifican os regulamentos (CEE) n.º 2847/1993, (CE) n.º 1936/2001 e (CE) n.º 601/2004, e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 1093/1994 e (CE) n.º 1447/1999, así como na Lei 3/2001, do 26 de marzo.

#### Artigo 3. *Autoridades competentes.*

1. A Secretaría Xeral de Pesca queda designada como a autoridade nacional competente en materia de infraccións de pesca marítima en augas exteriores para os efectos do disposto no artigo 125 do Regulamento (UE) n.º 404/2011 da Comisión, do 8 de abril de 2011.

2. Así mesmo, cada comunidade autónoma designará e comunicará á Secretaría Xeral de Pesca a autoridade competente encargada de realizar as funcións establecidas nas letras a), b) e c) dese artigo polas infraccións cometidas en materia de marisqueo e pesca nas augas interiores da súa comunidade autónoma.

#### Artigo 4. *Inscripción no Rexistro nacional de infraccións graves á política pesqueira común.*

1. A inscrición no Rexistro das infraccións graves en materia de pesca marítima en augas exteriores realizaraa a Secretaría Xeral de Pesca en cumprimento do disposto na resolución sancionadora de inmediato e, en todo caso, no prazo máximo dun mes desde que recaia a resolución sancionadora.

2. As comunidades autónomas inscribirán no rexistro as infraccións cometidas en materia de marisqueo e pesca nas súas augas interiores e as sancións impostas de natureza grave cando corresponda. Para tal efecto, habilitaranse os medios técnicos necesarios para permitir a interconexión entre as diferentes administracións competentes.

3. As sancións impostas, así como o número de puntos asignados ás licenzas e aos capitáns ou patróns, anotaranse con carácter provisional ata que a resolución sancionadora adquira firmeza en vía administrativa, deixando constancia desta situación. Unha vez firme, procederáse á anotación definitiva de ambos os aspectos cos efectos regulados no artigo 6.

4. Sen prexuízo do réxime de recursos contra as sancións que se impoñan, a inscrición no rexistro pon fin á vía administrativa, e poderase recorrer contra ela, en virtude do artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, potestativamente en reposición ante a Secretaría Xeral de Pesca ou o órgano autonómico competente para inscribir as infraccións cometidas en materia de marisqueo e pesca nas súas augas interiores, ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 5. *Cancelación no Rexistro nacional de infraccións graves á política pesqueira común.*

1. Os datos rexistrados correspondentes ás sancións impostas cancelaranse de oficio aos tres anos contados desde o 1 de xaneiro do ano seguinte ao ano en que recaese sanción firme, en virtude do disposto no artigo 93.4 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009.

2. Porén, a cancelación de puntos non se producirá se dentro do citado prazo se rexistrase algunha outra infracción cometida polo mesmo suxeito infractor, coa mesma licenza e buque.

3. En caso de que, cando así proceda, a cancelación non se leve a cabo de oficio unha vez transcorrido o prazo de tres anos, o interesado poderá solicitar en calquera momento ante a Secretaría Xeral de Pesca que a leve a cabo, e esta deberá proceder de inmediato. En caso de non cancelar e notificar a cancelación no prazo dun mes, a petición entenderase estimada e a sanción cancelada. En todo caso, as sancións non canceladas que o deberían ter sido carecerán de calquera efecto.

A inscrición no rexistro pon fin á vía administrativa e poderase recorrer contra ela, en virtude do artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, potestativamente en reposición ante a Secretaría Xeral de Pesca ou o órgano autonómico competente para inscribir as infraccións cometidas en materia de marisqueo e pesca nas súas augas interiores, ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo.

*Artigo 6. Infraccións graves que comportan asignación de puntos e inscrición no Rexistro nacional de infraccións graves á política pesqueira común.*

1. As condutas recollidas no anexo XXX do Regulamento (UE) n.º 404/2011 da Comisión, do 8 de abril de 2011, que estean tipificadas nos artigos 96, 97, 99 e 100 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, ou nas correspondentes normas autonómicas, comportarán a asignación de puntos cando así se determine na resolución sancionadora, en función da gravidade da infracción, que será apreciada tendo en conta o disposto no artigo 90 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, e nos artigos 3 e 42 do Regulamento (CE) n.º 1005/2008, do 29 de setembro de 2008.

2. Dado que a asignación de puntos ten carácter accesorio da sanción administrativa por infraccións de pesca, corresponde ao órgano competente para resolver aplicar a asignación dos puntos na resolución final do procedemento.

Sen prexuízo do anterior, para garantir os dereitos do presunto responsable, no acordo de iniciación e na proposta de resolución do procedemento sancionador deberase informar expresamente da posibilidade de que as infraccións poidan comportar a asignación de puntos correspondente coa imposición da sanción.

*Artigo 7. Normas de aplicación do sistema de puntos por infraccións de pesca graves á política pesqueira común.*

1. De acordo co disposto no artigo 107 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, o órgano competente para a imposición de sancións asignará na correspondente resolución sancionadora o número de puntos por comisión de infraccións graves ao titular da licenza de pesca do buque pesqueiro afectado, de conformidade co establecido no artigo 6 deste decreto.

2. O sistema de puntos e as consecuencias que este implique aplicarase sen prexuízo das sancións que tamén correspondan por aplicación do ordenamento nacional de acordo coa Lei 3/2001, do 26 de marzo, e as correspondentes normas autonómicas.

3. O órgano competente para a concesión das licenzas acordará a suspensión da licenza de pesca do buque polos seguintes períodos cando se alcancen os seguintes puntos, de conformidade co establecido no artigo 92 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, e do artigo 129 do Regulamento (UE) n.º 404/2011 da Comisión, do 8 de abril de 2011:

- a) 2 meses: 18 puntos.
- b) 4 meses: 36 puntos.
- c) 8 meses: 54 puntos.
- d) Un ano: 72 puntos.

4. A acumulación de 90 puntos polo titular da licenza dará lugar automaticamente á súa retirada permanente. Neste suposto, o órgano competente para a concesión das licenzas comunicará tal circunstancia ao Rexistro nacional de buques pesqueiros



e ao Rexistro comunitario de buques, para os efectos previstos no artigo 131 do Regulamento (UE) n.º 404/2011 da Comisión, do 8 de abril de 2011.

5. O órgano competente para a concesión das licenzas de pesca comunicará á Dirección Xeral da Mariña Mercante e ao Instituto Social da Mariña os puntos sinalados nos números 3 e 4 cando se produza esta circunstancia.

6. O órgano competente para a concesión das licenzas de pesca, respecto das infraccións que se inscribisen no rexistro, expedirá copia certificada do número de puntos asignados ás licenzas de pesca, no suposto establecido no artigo 128 do Regulamento (UE) n.º 404/2011 da Comisión, do 8 de abril de 2011.

A información dimanante do rexistro nacional de infraccións e sancións graves en materia de pesca marítima en relación cos puntos será acreditativa para os efectos das transferencias dos puntos a futuros titulares das licenzas e resto de consecuencias xurídicas que vinculan os puntos coas licenzas conforme o establecido no Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, e o Regulamento (UE) n.º 404/2011 da Comisión, do 8 de abril de 2011.

7. Se un buque pesqueiro cuxa licenza está suspendida ou foi retirada permanentemente realiza actividades pesqueiras ilegais durante este período, a Secretaría Xeral de Pesca, como autoridade nacional competente, adoptará as medidas coercitivas a que se refire o artigo 91 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009. O buque pesqueiro poderá ser incluído cando proceda na lista de buques pesqueiros da Unión Europea que practican a pesca INDNR.

8. En canto ao resto da regulación aplicable ao sistema de asignación de puntos, observárase o disposto no título VII do Regulamento (UE) n.º 404/2011 da Comisión, do 8 de abril de 2011.

#### Artigo 8. *Sistema de asignación de puntos a capitáns ou patróns de buques pesqueiros.*

1. En aplicación do disposto no artigo 92.6 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, establécese un sistema de puntos consonte o cal se asignará un número de puntos ao capitán ou patrón dun buque que resulte responsable da comisión dunha infracción grave das normas da política pesqueira común.

2. De acordo co disposto no artigo 107 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, o órgano competente para a imposición de sancións asignará na correspondente resolución sancionadora o número de puntos por comisión de infraccións graves ao capitán ou patrón do buque pesqueiro afectado.

3. Para estes efectos, entenderanse por infraccións graves á política pesqueira común as sinaladas como tales no artigo 6 deste real decreto.

4. A inhabilitación para o exercicio da actividade pesqueira producirase cando se alcancen os seguintes puntos e polos seguintes períodos:

- a) 2 meses: 30 puntos.
- b) 4 meses: 70 puntos.
- c) 8 meses: 100 puntos.
- d) 1 ano: 130 puntos.

5. O órgano competente para ditar a resolución sancionadora comunicará á Dirección Xeral da Mariña Mercante e ao Instituto Social da Mariña as inhabilitacións sinaladas no punto anterior cando se produzan.

#### Artigo 9. *Transmisión de datos entre Estados membros. Solicitudes de asistencia.*

1. A Secretaría Xeral de Pesca, como autoridade nacional de control e órgano de coordinación competente, atenderá as solicitudes de asistencia que lle remita a autoridade competente do Estado membro, a Comisión ou o organismo designado por esta, nos supostos previstos no artigo 155.a) do Regulamento (UE) n.º 404/2011 da Comisión, do 8 de abril de 2011, en relación co contido do Rexistro nacional de infraccións graves á política pesqueira común.

2. As solicitudes de asistencia rexeranse polo disposto nos artigos 155 e seguintes do Regulamento (UE) n.º 404/2011 da Comisión, do 8 de abril de 2011, para a transmisión de solicitudes e resposta de solicitudes.

3. Cando a dita solicitude de asistencia se refira a unha materia competencia dunha comunidade autónoma, a Secretaría Xeral de Pesca transmitirá inmediatamente a solicitude ao organismo competente da comunidade autónoma e requirirá dela a información correspondente para poder atender a solicitude.

4. Nas comunicacións a que fan referencia os anteriores números, os Estados membros deberán velar pola protección dos datos de carácter persoal que se inclúan nelas.

5. Por petición do solicitante, a Secretaría Xeral de Pesca facilitará os documentos ou copias compulsadas que se refiran a casos de incumprimento da normativa da política pesqueira común ou a infraccións graves recollidas no artigo 90.1 do regulamento de control, e que consten no seu poder, o antes posible e, en calquera caso, non máis de catro semanas despois da recepción da solicitude, salvo que esta non estea en condicións de responder no prazo establecido, caso en que informará por escrito o solicitante dos motivos que lle impiden facelo, así como da data en que considera que poderá proporcionar unha resposta.

Disposición adicional única. *Gastos de persoal.*

As previsións contidas neste real decreto non suporán incremento de gastos de persoal por ningún concepto, e levaranse a cabo cos medios persoais dispoñibles no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e nos seus organismos autónomos.

Disposición transitoria única. *Inicio das inscricións.*

Os puntos asignados e as sancións recaídas inscribíranse respecto daqueles procedementos nos cales recaía resolución sancionadora con imposición de puntos de data posterior á entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en exercicio da competencia estatal en materia de pesca marítima, ao abeiro do disposto no artigo 149.1.19.<sup>a</sup> da Constitución, en canto sexa aplicable a procedementos sancionadores en materia de pesca marítima.

Cando sexa aplicable a procedementos sancionadores en materia de ordenación do sector pesqueiro, os preceptos deste real decreto constitúen lexislación básica, ao abeiro do artigo 149.1.19.<sup>a</sup> da Constitución.

No que respecta aos procedementos sancionadores en materia de actividade comercial de produtos pesqueiros, a regulación constitúe lexislación básica ditada ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Actualización do importe das sancións previstas no artigo 102 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.*

De acordo coa disposición derradeira primeira da Lei 3/2001, do 26 de marzo, pola que se faculta o Goberno para actualizar mediante real decreto o importe das sancións previstas nela, o artigo 102 da citada lei queda redactado como segue:

«Artigo 102. *Graduación das sancións principais.*

1. As infraccións leves serán sancionadas con apercibimento ou con multa de 60 a 600 euros.
2. As infraccións graves serán sancionadas con multa de 601 a 60.000 euros.
3. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 60.001 a 300.000 euros.»

Disposición derradeira terceira. *Facultade de modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para a modificación do anexo do presente real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de febreiro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE



## ANEXO

### **Creación do ficheiro de datos de carácter persoal «Rexistro nacional de infraccións graves á política pesqueira común»**

a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos.

a.1) Identificación do ficheiro: Rexistro nacional de infraccións graves á política pesqueira común.

a.2) Finalidade e usos previstos: xestión de datos sobre infraccións e sancións, xestión do sistema de puntos previsto na normativa comunitaria, coordinación coas autoridades competentes das comunidades autónomas, cooperación con outros Estados membros da UE ou coa Comisión Europea.

b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre o cal se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulte obrigado a subministralos, o procedemento de recolla dos datos e a súa procedencia.

b.1) Colectivo: persoas físicas ou xurídicas relacionadas co procedemento administrativo sancionador.

b.2) Procedencia: as comunidades autónomas que inscriban as infraccións e sancións, de ser o caso; os servizos públicos de inspección pesqueira, nacionais, doutros Estados membros da UE ou dos servizos das institucións comunitarias.

c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización.

c.1) Estrutura: datos identificativos.

A inscrición conterá, polo menos, os seguintes puntos:

1. Referencia aos suxeitos e aos buques declarados responsables da comisión de calquera infracción recollida na normativa interna ou comunitaria en materia de pesca, con indicación dos seguintes aspectos:

Buque: nome, matrícula, folio, IMO (en caso de o ter) e porto base.

Armador: nome, NIF e DNI, número de licenza.

Patrón: nome, DNI.

2. Infracción que se considera probada, con indicación dos seguintes aspectos:

Número de expediente, precepto infrinxido, data da infracción, data da acta ou denuncia, data do acordo de inicio do expediente sancionador, medidas provisionais adoptadas.

3. Sanción que comporta, tanto a principal como as accesorias, de ser o caso, con indicación de:

Data de resolución sancionadora, sanción económica, sancións accesorias, de ser o caso.

4. Carácter provisional da inscrición, de ser o caso, cando non sexa firme, indicando a data de interposición do recurso.

5. Número de puntos asignados que comporta esta sanción e o total de puntos acumulados, de conformidade co disposto no anexo XXX do Regulamento de execución 404/2011 da Comisión, do 8 de abril de 2011.

6. Data da resolución onde se determinen estes aspectos.

7. Data de prescrición da sanción, de acordo co disposto no artigo 92.2 da Lei 3/2001, do 26 de marzo.

8. Nos casos en que a sanción imposta sexa por pesca INDNR e así se determine expresamente na resolución sancionadora firme, incorporárase unha referencia expresa á súa inclusión na lista sinalada no artigo 27 do Regulamento (CE) n.º 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008.

Datos especialmente protexidos: infraccións e sancións.

c.2) Sistema de tratamento: automatizado.

d) Comunicacións previstas dos datos, indicando, de ser o caso, os destinatarios ou as categorías de destinatarios e lexislación aplicable: administracións públicas (comunidades autónomas), ex artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

e) Transferencias internacionais previstas a países terceiros, con indicación, de ser o caso, dos países de destino dos datos: A Secretaría Xeral de Pesca, como autoridade nacional de control e órgano de coordinación competente, atenderá as solicitudes de asistencia que lle remita unha autoridade competente doutro Estado membro, a Comisión ou o organismo designado por esta, nos supostos recollidos na letra a) do artigo 155 do Regulamento (UE) n.º 404/2011 da Comisión, do 8 de abril de 2011, en relación co contido do Rexistro nacional de infraccións graves á política pesqueira común.

f) Modificación do ficheiro: habilítase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para a modificación do ficheiro mediante orde ministerial.

g) Órgano responsable do ficheiro: Secretaría Xeral de Pesca.

h) Servizos ou unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría Xeral de Pesca. Rúa Velázquez, 144. 28006 Madrid.

i) Nivel básico, medio ou alto de seguridade que resulte exixible de acordo co establecido no título VIII do RLOPD: medio.